



# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

ACTA Nº 6/2020

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE.**

En Ordes, a vinte e cinco de xuño de dous mil vinte.

No Salón de Actos da Casa da Cultura, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup>. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D<sup>a</sup>. PAULA CASTENDA BLANCO.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D<sup>a</sup>. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

### **PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria, de data 16 de xuño de 2020, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión extraordinaria, de data 16 de xuño de 2020, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

### 2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente non se da conta de ningunha actuación municipal.

- Liquidación dos orzamentos municipais do ano 2019. Aprobada mediante decreto de data 29/04/2020. Magnitudes máis salientables: resultado orzamentario (1.051.000,00 €), remanente de tesourería para gastos xerais (2.453.000,00 €), aforro neto legal (2.530.000,00 €) que supón un 26,77 % sobre dereitos liquidados por operacións correntes orzamentos municipais 2019. A estabilidade orzamentaria cúmprese ao presentar un superávit de 159.000,00 €, correspondente ao 1,44 % dos ingresos non financeiros. Cumprimento da regra de gasto, a diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable no 2019 é de 546.000,00 €, cantidade que obriga á elaboración e aprobación polo Pleno dun Plan Económico Financeiro. O gasto computable máximo para a elaboración do PEF será 7.215.000,00 € incrementado pola taxa de referencia aprobada polo Consello de Ministros 2,9 para 2020 e 3,00 para 2021, circunstancia tida en conta para a elaboración dos orzamentos municipais para 2020. Cumprimento do límite de débeda: o volume de débeda segundo o protocolo de déficit excesivo é de 1.125.000,00 €, que supón o 11,91 % dos recursos correntes liquidados. Cumprimento do período medio de pagamento: período medio de pagamento da débeda comercial situouse a 31/12/2019 en 6,24 días.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

### 3. APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL, EJERCICIO 2020.

Expediente tramitado para a aprobación do Orzamento Municipal, formado para o exercicio de 2020 polo Sr. Alcalde-Presidente, cos documentos que preceptúan os arts. 165, 166 e 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concordantes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e cumprimento do establecido no art 193.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os orzamentos municipais que se propoñen hoxe para a súa consideración polo Pleno Corporativo para este exercicio 2020 preséntanse nivelados nos seus estados de ingresos e gastos, dando cumprimento así ao disposto no artigo 165 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, no senso de que deben aprobarse sen déficit inicial. En concreto ascenden á contía de 9.964.720,55 € tanto en ingresos como en gastos. Respecto aos orzamentos vixentes no pasado exercicio supoñen un aumento do 6,41% logo da diminución do 7,29% do exercicio 2019 con respecto ao 2018, non obstante cabe subliñar que non recollen aínda -data do presente pleno- a totalidade das subvencións e achegas para investimentos doutras administracións que veñen sendo convocadas e/ou outorgadas, con diferentes contías, polo que agárdase que os orzamentos se incrementen ao longo do exercicio, especialmente co POS+2020 complementario, coas xeracións de créditos necesarias, en función das aportacións que poidan obterse ou achegarse dende os diferentes organismos supramunicipais. A estes efectos resérvase crédito xenérico para cubrir a parte que se estima que deberá achegar o Concello de fondos propios para poder optar as mesmas. Para a súa elaboración tomáronse en consideración, en primeiro lugar, os ingresos que se agardan recoñecer no exercicio, estimándose estes de xeito prudente en función das previsións agardadas e da experiencia derivada das liquidacións de exercicios anteriores. Na medida do posible estimáronse segundo o criterio de caixa, isto é, do que realmente se estima que vai a recadarse, co fin de que os cálculos efectuados sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria fosen o máis estritos posibles. No informe técnico económico que acompaña ao expediente explícase dun xeito claro de onde procede cada unha das estimacións. No apartado de ingresos cómpre sinalar: No caso dos ingresos correntes,



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

### FOLLA Nº 3

unha menor expectativa dos impostos directos, pois a pesares dos incrementos pola regularización catastral baixouse o tipo do IBI ao 0,50% e, en xeral, as previsións realizáronse con maior prudencia posible cara a non supoñer dereitos que logo non se materialicen. A maior diferenza ven motivada, con todo, pola incorporación da parte do POS+2020 principal e adicional 2 a financiamento de gasto corrente. Unha estimación prudente da Participación nos Tributos do Estado, en función das entregas a conta indicadas para este exercicio, toda vez que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para este exercicio poida que non se aprobe, e sigamos aínda tempo coa prórroga dos orzamentos do PP de Mariano Rajoy de 2018. No caso dos ingresos de capital polo coñecemento do POS + 2020 (achega 2019), así como polos convenios que se agardan asinar coa Comunidade Autónoma e as distintas subvencións concedidas con aplicación no exercicio 2020. Neste punto debe sinalarse que as previsións baséanse en achegas que xa están comprometidas ou executadas e, como sinalamos anteriormente, agardamos que se incrementen mais si cabe con novas achegas e subvencións doutras administracións ao longo do exercicio. Neste exercicio concertárase un préstamo pola parte do POS + 2020 financiado con préstamo provincial, por importe da contía total permitida, de 331.273,63 €, o cal irá na súa integridade a amortización de débeda bancaria. Estímase máis axeitada esta dedicación que ao financiamento de obras polo perigo de incumprimento da estabilidade orzamentaria; concepto este que vai ser o único condicionante para que non se adique parte do préstamo un exercicio económico mais para inversións financeiramente sostibles. En anos anteriores a 2019 non corriamos ese risco, pero no marco actual, a situación mudou e hai que ser rigorosos no que se aproba e o fin para o que se fai. Unha vez coñecidos os ingresos procedeuse a levar a cabo o cálculo de todos os créditos dispoñibles, debendo sinalarse que toda vez que o límite de gasto ven determinado non só polos ingresos senón, a maiores, polo cumprimento da regra de gasto, especialmente importante en este exercicio económico logo de que será preciso aprobar un plan económico financeiro derivado do incumprimento na liquidación do orzamento 2019. Respecto aos gastos procedeuse a estimar os gastos de persoal en función dunha previsión de incremento do 2% durante todo o exercicio, toda vez que non se cumpriu o condicionante de PIB necesario tal e como se recollía no II Acordo da Administración de Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo para un incremento maior, calculándose, así mesmo, as antigüidades do persoal neste exercicio. A maiores dotouse orzamentariamente unha praza de Tesoureiro habilitado nacional, toda vez que o actual ten próxima a súa xubilación, en cumprimento do que dispón a normativa sobre a forme de previsión destes postos (no punto seguinte da orde do día, que se promoverá por urxencia, modificarase a RPT actual por dito motivo conforme a negociación sindical do pasado luns 22/06/2020). Así mesmo, modifícase o posto de Técnico de Administración Xeral (TAX) que viña desempeñando o tesoureiro, de xeito que non se amortice e poida nun futuro (á espera de que sexa posible pola taxa de reposición) cubrirse. Indicar tamén que se está a levar a cabo unha modificación mais profunda da RPT vixente, cuxas negociacións foron suspendidas pola pandemia do COVID19, e que se retomará a volta do verán do presente ano 2020, como xa foi acordado cos axentes sindicais. Na mesma orde, si se dá cumprimento ao acordo para levar a cabo o cobro de antigüidade polo persoal laboral do Concello con efectos 01/01/2020, froito de un pacto de acordo cos axentes sindicais municipais maioritarios (Roberto, Fátima e Pedro) ao remate do ano 2018. Respecto aos gastos correntes en bens e servizos recóllense os créditos necesarios para os contratos que ten vixentes o Concello, así como os previstos no exercicio, no que tentárase poñer fin á situación de prórroga tácita de varios dos contratos xa vencidos. Respecto as achegas por transferencias destacan as correspondentes á xestión da escola infantil, segundo contrato asinado no seu momento, e á Mancomunidade, a cal incrementábase considerablemente (nun 81,82% que se suma aos incrementos de exercicios anteriores; pois dende 2015 o incremento total é do 251,82%; ao ter pasado de 85.270,66 € aos 300.000 € en este exercicio -sendo o de 2019 de 172.463,91 €) polo aumento nas horas do servizo de axuda no fogar, e para as axudas de emerxencia social as persoas afectadas pola crise COVID-19, basicamente. Así mesmo recóllense as subvencións nominativas que figuran nas bases de execución, as becas para material escolar, o cheque bebé como liña de subvencións a natalidade, e segue a dotarse unha aplicación para



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

poder subvencionar a deportistas destacados do Concello. Logo das reunións mantidas durante abril e maio, acordouse unha aportación nominativa para a Asociación de Comerciantes e Empresarios da Comarca de Ordes (ACORDES), que acaba de presentar unha nova directiva e que vai dar continuidade ao proxecto do CCA de Ordes: inclúe a negocios, empresas, comercios, hostalería, etc. A axuda está condicionado a un convenio a subscribir a maior brevidade para revitalizar na medida do posible o sector trala crise, e traballar mancomunadamente de cara a contratación de unha xerente e creación de plataformas online, marketing, creación de marca propia e difusión e promoción da actividade produtiva da vila e do concello. Por suposto, e como non pode ser doutro xeito debido á imposición do artigo 135 da Constitución, dotáronse os créditos necesarios para atender as obrigas de natureza financeira. A maiores neste apartado inclúese a totalidade do préstamo do POS+ 2020 para amortización, como se indicou anteriormente, con base no maior criterio de rigor, e na xestión responsable dos recursos públicos. En total os investimentos previstos, a espera de incorporación de outras axudas ou aportacións pendentes, ascenden á contía de 2.306.624,33 €, o que significa o 23,15% do total dos orzamentos. Cabe subliñar que se destinan 1.315.035,57 € de fondos propios para o seu financiamento. Aparte de cubrir actuacións xa executadas ou liquidadas dende o comezo de ano, prevese a execución de unha 2ª fase de beirarrúas no Casal (no entorno mais próximo ao CEIP Campomaioir; completar beirarrúas ao carón da N-550 en Montaos eliminando as reixas de recollida de pluviais que actualmente se atopan deterioradas e moi perigosas para os viandantes; 1ª anualidade para comezar a humanizar peatonalizando a rúa do Muiño dende a rúa do Parque Municipal ata a rúa Compostela; substitución da EDAR de Lavandeira por un bombeo tras os problemas dos dixestores de augas residuais; abastecemento de auga dende a Reboira a Cabeza de Lobo en Ardemil; abastecemento, mellora de saneamento, beirarrúas e firme en rúa Carnota; reforma do ximnasio da piscina municipal Iván Raña; e dotación de pequenos parques infantís en Espenica e Adina Vella, son algúns exemplos das actuacións contempladas no capítulo de investimentos. Os orzamentos caracterízanse un ano mais, como non pode ser de outro xeito, polo mantemento dos servizos esenciais, con especial dedicación de fondos en esta ocasión aos colectivos máis desfavorecidos, sendo as liñas fundamentais dos mesmos continuar co saneamento das contas municipais (ao remate de 2019 a débeda bancaria situarase no entorno 690.000 €, e o que é mais importante si cabe, situará os xuros anuais a aboar por debaixo dos 4.400 €; cantidade que podemos comparar coa situación do remate do exercicio en 2014, onde se destinaron a xuros bancarios preto de 200.000 €), mediante a contención do gasto público, a eficiencia na asignación dos recursos municipais, a sustentabilidade dos servizos municipais fundamentais, o mantemento dos créditos ás políticas sociais, de emprego e fomento económico, así como aos investimentos produtivos. Incrementáanse as partidas destinadas a políticas sociais, entendendo estas como a suma das dedicadas a gastos sociais, educativos, culturais e deportivos. As actuacións de protección e promoción social (servizos sociais, incluíndo a achega á mancomunidade, e fomento do emprego, basicamente) incrementáanse nun 8,14% que engádese aos incrementos levados a cabo nos últimos exercicios. De feito, recórdolles unha vez mais, a achega á Mancomunidade ven incrementándose cada ano de xeito que desde o 2015 aumentou nun 251,82%, isto é multiplicouse por dúas veces e media. Os orzamentos que se presentan para a súa aprobación cumpren co disposto na Lei orgánica de estabilidade financeira, é dicir: Presentan capacidade de financiamento, estimada en 539.470,68 €. Cumpren co límite de débeda. Respecto ao procedemento de aprobación é o seguinte: A aprobación inicial polo Pleno Corporativo non require un quórum especial, polo que será suficiente a aprobación por maioría simple dos membros presentes (artigos 22.2, letra "e", e 47.1 da LBRL). Unha vez aprobados os orzamentos expóranse ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou, de ser o caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial, por 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. A aprobación definitiva poderá producirse ben por non terse presentado reclamación algunha durante o prazo citado, ben por resolución das mesmas polo Pleno Corporativo, para o que dispón do prazo dun mes. Os orzamentos xerais definitivamente aprobados serán inseridos no Boletín Oficial da



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Corporación, se o tivese e, resumido por capítulos de cada un dos que o integran, no da Provincia. Así mesmo remitirase copia á Administración do Estado e a da CC.AA., a cal realizarase simultaneamente ao envío ao BOP. Os orzamentos entrarán en vigor no exercicio correspondente, unha vez publicados na forma prevista nos artigos 169.3 do TRLRFL e 20.3 do Real decreto 500/1990".

Vistos o informe emitido pola Intervención e o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, ambos en sentido favorable.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non van a votar en contra dos orzamentos. Queren deixar unha porta aberta para calquera tipo de modificación por que se aveciñan tempos difíciles. O comercio, a industria, hostalería e outros sectores económicos do pobo que igual precisan de axuda do concello.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que a contía que estamos a debater aquí dos orzamentos de 2020 é arredor de dez millóns de euros. Contía importante, pero unha vez analizados os orzamentos plantexados esta formación política non pode dar o seu voto favorable aos mesmos polas seguintes razóns. Creemos que non hai unha distribución axeitada dos recursos para o momento que estamos a vivir. Destínanse na área de gasto de deporte máis de 1.200.000,00 €, cantidade que noutro tempo non estaría mal, pero non é o momento. En cambio á áreas de fomento do emprego so se destinan 130.000,00 €, á área de gasto de comercio, turismo e pequenas e medianas empresas so se destinan 115.000,00 €. Entre estas dúas partidas xuntas a cantidade non chega ao importe adicado ao pago dos órganos de goberno 257.000,00 €. Hai partidas que deberían ter unha contía superior, a actual é insuficiente. Ordes xa antes da chegada do coronavirus estaba nunha situación difícil e delicada. Nestes últimos anos pechou o téxtil, agora pecha a Central Térmica de Meirama e vamos a sufrir as consecuencias polo seu peche. Comercios e locais de hostalería moitos deles pecharon, creemos que outros poden tamén chegar a pechar, so hai que dar un paseo pola vila e ver os locais que están en aluguer e en venda. O sector da construción é importante para o noso concello e tamén está parado. Esta formación político o 5 de abril durante o estado de alarma pasaron por rexistro unha proposta de paquete de medidas co obxectivo de paliar os efectos económicos e sociais do coronavirus. Viron como outros concellos estaban tomando medidas e creron oportuno que tamén no noso concello se tomasen. Descontos e condonación dos impostos municipais a autónomos e pemes, é certo que so van a pagar un trimestre como recollen os orzamentos. Axudas para poder pagar o aluguer a aquelas empresas do municipio que se viron afectadas polo peche temporal decretado durante o estado de alarma. Podemos ver como noutros concellos hai axudas a autónomos e empresarios. O concello de Tordoia gobernado polo PP da cincocentos euros aos seus autónomos, cantidade totalmente compatible con outras axudas autonómicas e estatais. O concello de Betanzos da setecentos euros aos seus autónomos, neste caso gobernado polo PSOE. O concello de Pontearreas tamén da cincocentos euros aos seus autónomos, gobernado polo BNG. Son concellos parecidos a Ordes. Tomar estas iniciativas non é por ideoloxía, é por coherencia. Creen que se neste momento non axudas aos autónomos a situación en Ordes vai a verse moito máis agravada. Están de acordo en que se axuda á Asociación de Comerciantes coa partida de 60.000,00 €, creen que se deberían adoptar iniciativas para todo o colectivo, non só para esta Asociación. Outra causa para o seu voto desfavorable é que se debe facer unha maior inversión nos servizos básicos de abastecemento e alcantarillado nas parroquias, debería ter moito máis peso, é un servizo prioritario e esencial.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

En canto ao reparto de subvencións de carácter nominativo, algo que lles chama a atención é que a Cruz Vermella, creemos que desenvolve unha actividade que hai que recoñecer, a que so se destinan setecentos euros. Están a favor de que se destine á Mancomunidade de Ordes unha partida de 300.000,00 € para garantir os servizos sociais, ao igual que fan o resto dos concellos pertencentes a esta administración. Gustaríalles poder votar a favor destes orzamentos que deberían poder ser votados por unanimidade como consecuencia da situación na que estamos. Nesta ocasión o seu voto non pode ser favorable.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que analizando os orzamentos, facendo unha lectura deles e analizando os datos o que nos amosan e demostran é que o PP levou a cabo unha suba brutal dos impostos municipais, especialmente nos últimos anos, coincidindo coa ficticia maioría absoluta apoiada polos tráfugas, os edís que marcharon de UxO e logo xa coa situación actual de maioría absoluta. Esta afirmación susténtase ou basease nos seguintes datos. Se miramos os orzamentos de 2016, que son os primeiros que aprobou o PP na súa nova etapa de goberno, a recadación en IBI rústica era de 240.000,00 euros, a recadación en IBI urbana era de 1.773.000,00 euros. Se miramos os orzamentos de 2020 podemos comprobar como se prevé recadar por IBI rústica 293.000,00 euros e por IBI urbana 2.130.000,00 euros. Ao longo destes anos o IBI subiu un 20%. Se miran o informe económico financeiro destes orzamentos a presión fiscal por habitante no capítulo I de Ingresos, IBI, IAE e IVTN, era de 234,00 euros no 2016, o mesmo resultado no ano 2017, no ano 2018 sube a 316,00 euros por habitante. Isto pode ter algo de consecuencia no que vamos a analizar a continuación. No ano 2016 e ano 2017 non había unha maioría absoluta ficticia do PP, dependía doutros grupos da corporación municipal, a base de propostas e demais conseguiu unha conxelación da suba do IBI, este efecto se viu reflectido na presión fiscal por habitante dos orzamentos. No ano 2018 con esa maioría ficticia esa conxelación da suba desapareceu. Hai outros gastos que lle preocupan bastante ao BNG, que é o gasto en alumado público, en enerxía eléctrica, é unha cousa que non se explican. Como é posible que logo de investir miles e miles de euros de fondos públicos en alumado público a redución do gasto sexa tan pequena. Orzamentos do ano 2016 gasto en alumado público-enerxía eléctrica 205.000,000 euros. Orzamentos do ano 2020 alumado público-enerxía eléctrica 200.000,000 euros. Logo de todos estes investimentos a redución fíxase nun aforro de 4.900,00 euros/ano. As cifras preocupánlles moito. Aí algo ten que fallar, ou as estimacións do aforro que se fan nos proxectos ou o cálculo do gasto, entendemos que no debería ser por que a estimación farase en base ao que se gastou o ano pasado. Non pode ser que o período de retorno do investimento que se fai en alumado público, despois dos miles e miles de euros que se levan gastado ao longo destes anos, sexa superior á vida útil dos propios equipos que se instalan. Se ese é o aforro estaríamos falando dun retorno de máis de cen anos. Todos sabemos que esas luminarias non van a durar cen anos. É un mal negocio, algo falla. Estes orzamentos prevén novamente un investimento de 460.000,00 euros en actuacións sobre alumados públicos. Nos preguntamos cal será o aforro real conseguido nos vindeiros anos, os antecedentes que acaban de expor os deixan moi preocupados.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non teñen nada máis que engadir. Que se pense un pouco en poder modificar algún concepto para a concesión de axudas á industria, comercia, axudas sociais sobre todo.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que so matizar o que dixeron ata agora. Creen que se debe dar prioridade á reactivación da actividade económica do concello. As axudas a empresarios e autónomos deberían ter moita máis contía, así como en servizos esenciais.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que é lexítimo facelo pero ao final e como se tivésemos unha soa quenda xa que non sabemos o que nos contesta o goberno municipal. Nesta segunda intervención o que votamos en falta son medidas para intentar paliar os efectos que terá a Covid-19 sobre o sector servizos, que segundo os datos do IGE reflectidos a marzo de 2020, o sector servizos ten 3.070 afiliacións, o que supón un 61 % das afiliacións de Ordes, o sector da construción 532, o que supón un 10 %, o sector da industria 959, o que supón un 19 %, o sector da agricultura 449, o que supón un 8 %. O sector servizos é do que máis familias viven en Ordes e a súa vez vai a ser dos máis castigados pola crise da Covid-19, posto que nel están integrados a hostalería e o comercio. Nestes orzamentos o único que vemos ao respecto é unha subvención nominativa a Acordes por 66.000,00 euros. Con respecto ao ano 2019 incrementouse esta axuda en 57.000,00 euros. Segundo se informou na Comisión Informativa esta axuda é para a contratación dun xerente, creación unha plataforma online e campañas de divulgación. Non se opoñen a esta subvención nominativa, pero parécelles unha escasa labor do goberno para intentar paliar os efectos da Covid-19. E hai numerosos exemplos noutros concellos con actuacións de diversa índole. A corporación municipal pediu una Mesa de diálogo na procura dun Plan de reactivación económica de Ordes e vostedes respostaron cun claro non. O resultado son 66.000,00 euros para unha asociación, pretendendo sacudirse así o problema e a responsabilidade sobre as políticas aplicadas. Este goberno tiña que sentarse con toda a corporación como fixeron noutros concellos, chegar a acordos como fixeron tamén noutros concellos e levar a cabo actuacións directas encamiñadas a paliar os efectos da Covid-19 como tamén fixeron noutros concellos. Cartos hai para facelos, o anexo de investimentos deixa ou queda claro que o concello ten capacidade para investir 1.315.000,00 euros dos cales 677.000,00 euros proceden das derivacións a gasto corrente do POS+ 2020 e AD1/2020 e AD2/2020 da Deputación provincial e 635.000,00 euros, proceden da propia capacidade de investimento do concello en base aos seus propios recursos. O PP decide investilos integramente en cemento, chapapote e farolas deixando a súa sorte un sector tan importante como é o dos servizos. Tampouco nos podemos esquecer da cultura que é a gran esquecida orzamento si e orzamento tamén. Votamos en falta investimentos en cultura fora das axudas que chegan da Deputación Provincial da Coruña, 22.000,00 euros para a Rede Cultural e 20.000,00 euros para Desorde Creativas, non mencionamos os 8.000,00 euros para a Escola de Música. Ordes é un pobo de artistas que precisa máis apoio. Hai un dito no que acreditan que di que un pobo culto é un pobo san e un pobo libre. Por estas cuestións imos votar en contra destes orzamentos municipais que nos presenta o PP para a súa aprobación neste pleno.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aquí cada un ten o seu punto de vista, cada un podería facer os seus orzamentos e poderían non concordar nunca. Resulta curioso os datos que dan, contan o que lles interesa, cada un dereito a actuar como queira nas súas quendas e contar o que si lle interesa contar dos orzamentos e deixar de contar todo o que está aí incluído. Dende o PSOE votan en contra e falan de modificación de conceptos. Manden esa modificación e se é posible a analizarán. Que so se lle diga iso non lle parece suficientemente serio, para xustificar un voto en contra, que nunca vai haber un voto favorable. Non ten claro se analizaron os orzamentos, se entraron en profundidade no seu contido. Moitas cousas das que veñen falando nos derradeiros plenos, que tanto lles gustaría que formasen parte da actividade municipal, do gasto social e que tanto lle reclamaban á conselleira delegada de política social e agora o obvian completamente. Se agora dicimos unha cosa e pasados dous meses a contraria e xa modificaremos os conceptos cando poida ser. A verdade é que isto non serve, un orzamento non se aproba en dous días, ten unha tramitación, xa estamos no mes de xullo. Agora non é o momento de falar de modificación de conceptos. En relación ao grupo político UxO faláron de distribución dos recursos non axeitada. Critican a inversión en deportes, entón terán que deixar de dar moitas das actividades que están dando por que están aí contempladas. De onde saen as cifras. Se queren non acabamos de arraxar a piscina, non contratamos máis persoal no verán na piscina descuberta polas medidas de prevención da Covid-19. Como parece mal que haxa 1.200.000,00 euros, non se conceden subvencións



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

nominativas a todos os clubs deportivos, que se incrementaron todas elas. Non se fan as melloras nas instalacións deportivas municipais que agora parece que se lle esqueceron. É unha maneira de velo. A situación é difícil, é en España, non so en Ordes, e en Galicia. Analice as cifras do desemprego, como vai renda per cápita deste municipio con respecto aos demais. Claro que pasaron un mal momento no sector téxtil, todos. Fíxose o que se puido. Conseguiuse un millón de Europa a través do programa Galitex, recolocouse a esas traballadoras en distintos postos de traballo. En relación ás pemes que non hai cantidades suficientes, hasta onde teñen as súas competencias garantízalle que si, e así seguirá sendo. O sector da construción, isto non é o boom da construción do ano 2007, estamos noutros tempos. Hai que ver o que se recada hoxe de ICIO e as licenzas que se outorgan. É o primeiro que di que necesitan un PXOM, niso están traballando. En relación á Covid-19 fala dun paquete de medidas, isto é un copia pega, di tal cal o que din os medios de comunicación. Falou con algún deses alcaldes, deses concellos, veu a visitar ao interventor municipal si era posible levar a cabo moitas desas medidas que presentaban na súa proposta. Non, fágao por favor. Non llas vai a criticar, esta no seu dereito de facer un copia e pega do que sae nos medios de comunicación, hai un técnico. pídelles que analice ben cales son as competencias municipais. Non vai a porse a analizar o que fixeron outros concellos, ou cales xa teñen a día de hoxe as compatibilidades concedidas por que fixeron os expedientes oportunos que non ten o concello de Ordes pro que nunca os tramitou. Son 313 os municipios que hai en Galicia, mencionou a catro. Pode mencionar á dez. Todo de cara á galería, está totalmente de acordo. Como a postura normal e poñerse e votar en contra de todo o que di o goberno, para que vamos a discutir se non imos chegar igualmente a un acordo. Presentaron as súas propostas licitamente por escrito, todas se recibiron, tiveron comunicación coa voceira sempre que quixeron, respostou a todas as súas inquedanzas. Chegaron á situación que chegaron. En Ordes superaron unha situación que foi moi complicada na residencia naquelas datas. O goberno votou en falta unha chamada da oposición ese día, gustaríalle que se tiver a producido como se chama en moitas outras ocasións. Cando estivo na oposición o fixo en moitas ocasións nas que se deron situacións tráxicas neste termo municipal. Foron tres días moi complicados e ningún membro da oposición se puxo en contacto con este goberno local. En relación á Cruz Vermella danlle o que lles solicitan. Cedeuse gratuitamente un local, todo o gasto corrente é a cargo do Concello. É o que eles piden. A colaboración é continua ao longo do ano. Pode falar coa Cruz Vermella se quere. Se houbesen pedido mil houbéranlle dado mil. Que lle digan en que os empregan. O que máis necesitan é o local e ter o gasto corrente cuberto. Cousa que xa tiñan co anterior goberno de Ordes. As axudas as autónomos, podemos debater, opinar o que fixo un concello, outro, vale, e a discriminación que é. Como garantimos ese reparto de diñeiro público, de que maneira. Ao mellor está moito peor o veciño que estaba no primeiro que o autónomo que está no baixo. Os impostos os pagamos todos, non so os sectores produtivos que se viron afectados. Hai moita xente en situacións complicadas. Achéguese polos servizos sociais e vexa como se incrementaron os expedientes nestes catro meses. A veces tamén hai que analizar iso, quen necesita máis esa axuda. Polo BNG non faríamos ningún tipo de actuación, deixámonos de investimentos e dedicamos todo para este lado. Hai unha serie de incompatibilidades que son manifestas e claras. O estado puxo unha serie de axudas, que o goberno autonómico puxo unha serie de axudas, a Deputación tamén sacou unha liña adicional. A Mancomunidade dúas con cinco veces a aportación que había no 2015. Iso non o pode criticar ninguén, non lle diga que os demais concellos fan exactamente igual, para nada. A aportación que fai o concello de Ordes á Mancomunidade neste exercicio nada ten que ver coa aportación que fan outros concellos para o mantemento dos servizos básicos. Hai moitos concellos que non teñen todos os servizos trasladados á Mancomunidade. A suba de impostos municipais, se o quere vender así, está no seu dereito. O tipo impositivo no ano 2013 estaba no 0,61, na actualidade está no 0,50, polo medio pasou unha revisión catastral, polo medio pasou unha regularización. Ao mellor estaba de acordo que todas as vivendas que non estaban dadas de alta e outras construcións estivesen aí agochadas e que non pagasen impostos. É a súa maneira de velo. Se esa é a maneira de gobernar do BNG que exista desigualdade nunha mesma parroquia ou núcleo urbano, que o veciño de enfrente non estea pagando os impostos





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

e ti si que os teñas que pagar, non está para nada de acordo, por iso se acolleron á regularización. Claro que aumentou esa recadación en canto ao importe total, pero en canto ao importe da débeda no ano 2013 era de 1.700.000,00 euros no ano 2018 xa era 2.091.000,00 euros e no ano 2019 2.094.000,00 euros, na parte de urbana, as cifras están aí. Por que non lee esa parte, so lee a parte dos porcentaxes do incremento do importe total que supón o valor catastral. Fale de liquidación real e ao mesmo tempo compare cos valores catastrais. Se hai un incremento de inmobles aportados e se baixou o tipo, ao final o importe da débeda tamén se axusta onde se axusta, non os dereitos recoñecidos netos totais. A estimación da débeda para 2020 é de 2.130.000,00 euros. Son so 35.000,00 con respecto ao 2019. Faga as contas ben, non as dos dereitos recoñecidos netos por que hai bonificacións, exencións. Cal é a débeda que a Deputación realmente recada e manda. Os orzamentos de 2016 non foron os primeiros que aprobou este goberno. Os primeiros que aprobou foron os do ano 2017, gracias a unha cuestión de confianza. Estiveron case dous anos sen ter uns orzamentos propios. Claro que hai moito máis gasto na parte de electricidade, non quere dicir que sexa do consumo de electricidade propiamente dito, están facendo con cargo ao gasto corrente a alta de moitas instalacións nos derradeiros dezaioito meses. Cantidade delas que estaban conectadas de maneira ilegal como xa se lle fixo chegar por parte da empresa que fixo a auditoría. Hai aforros nas actuacións que se fan, segue habendo aportacións para facer a II e III Fase do IDAE, e posiblemente se solicite unha IV Fase para o ano 2021, sempre e cando se incorporen fondos Feder da Unión Europea. Se está preocupado por iso, non ten inconvinte en que veña a ver a realidade, pode seguir comparando as facturas, todas as regularizacións que se fixeron nos termos de potencia, cal foi o aforro real que se conseguiu, a partir de aí como se fixeron moitas inversións a partir de gasto corrente para regularizar moitas situacións en moito alumeado, tendendo quilómetros de cable, poñendo cadros novo e metendo potencias que ata ese momento non existían. Analizar o número de cadros que había antes da auditoría e os cadros que existen na actualidade. Se había electricidade que non se estaba pagando, agora estase pagando. Aínda queda unha parte importante por regularizar. Temos que seguir facendo un esforzo importante dende o concello para seguir metendo luminarias led, para seguir baixando o consumo. En canto ás contas que fai con respecto á aportación que fai a Deputación para dicir que o concello fai menos aportación de fondos propios, está no seu dereito. Se as Bases da Deputación permiten destinalo a gasto corrente é o Concello o que está facendo esa inversión directa no capítulo VI que é de 1.300.000,00 euros, non é o desconto que fai, esa é a súa maneira de plantexalo. Non ten por que ser así, podería terse investido en calquera outro capítulo e non ter investido nada en investimentos. Somos nos á hora de facer a proposta de orzamentos os que decidimos a cantidade que vai aí, como fagamos a distribución dos fondos que veñen da Deputación dos diferentes POS, na parte que pode ir a gasto corrente, o decide a corporación e o executa o equipo de goberno. Unicamente fai a conta na parte de investimentos, cando ao mellor lle pode dicir que iso está metido noutro capítulo. É a súa maneira de velo, el ten outra. Non se van a por de acordo. En relación á cultura, a Deputación si, pero so aporta o cincuenta por cento, o outro cincuenta por cento o pon o concello. Tamén a Xunta de Galicia aporta a parte das actividades culturais que se fan neste concello. Que lle diga que lle gustarían partidas máis grandes en cultura. Van a intentar sacar adiante estes orzamentos cos votos do grupo de goberno, sen maior debate. Agardar que se poidan executar da mellor maneira posible.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (grupo político PP), cinco votos en contra (2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO) e coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio de 2.020 **EUROS NOVE MILLÓNS NOVECENTOS SESENTA E CATRO MIL SETECENTOS VINTE CON CINQUENTA E CINCO (9.964.720,55 euros)**, asignando a cada un dos capítulos os seguintes importes:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Capítulo	Denominación	Importe
1	Gastos de persoal	2.512.110,66
2	Gastos correntes en bens e servizos	3.914.886,79
3	Gastos financeiros	4.794,90
4	Transferencias correntes	785.702,82
	<b>Total correntes</b>	<b>7.217.495,17</b>
6	Investimentos reais	2.306.624,33
7	Transferencias de capital	0,00
	Total gastos capital	2.306.624,33
	<b>Total gastos non financeiros</b>	<b>9.524.119,50</b>
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	440.601,05
	<b>Total gastos financeiros</b>	<b>440.601,05</b>
	<b>Total orzamentos</b>	<b>9.964.720,55</b>

Capítulo	Denominación	Importe
1	Impostos directos	3.346.500,00
2	Impostos indirectos	75.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.114.467,00
4	Transferencias correntes	4.030.941,16
5	Ingresos patrimoniais	74.950,00
	<b>Total ingresos correntes</b>	<b>8.641.858,16</b>
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	991.588,76
	Total ingresos de capital	991.588,76
	<b>Total ingresos non financeiros</b>	<b>9.633.446,92</b>
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	331.273,63
	<b>Total ingresos financeiros</b>	<b>331.273,63</b>
	<b>Total orzamentos</b>	<b>9.964.720,55</b>

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito Presuposto.

3º.- Aprobar, así mesmo, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o cadro de persoal, comprensiva de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

4º.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

5º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

6º.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remítase copia do referido Presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

#### 4. BONIFICACIÓN COTA ICIO, LICENZAS URBANÍSTICAS DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN/AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS.

Expediente de bonificación cota ICIO, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotacións agrogandeiras.

Visto o disposto no art. 5.1 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 230, de data 13/12/13).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar unha bonificación do **75% da cota do ICIO**, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotación agrogandeiras:

- **GANDEIRIA CANDAL COUSELO, S.C.**, con CIF nº J70283742, solicitude de data 14/04/2020, rexistro de entrada nº 201999900000260, de obras de construción de almacén agrícola, en Lg. Canedo, Ardemil – Ordes (**Expdte. 2020/U022/000006**).
- **GANDEIRIA CASA DE PEDRO**, con CIF nº J70327564, solicitude de data 14/04/2020, rexistro de entrada nº 201999900000259, de obras de ampliación de explotación gandeira, construción dun silo e cuberta de fosa en Lg. Vilagudín, Lesta, Ordes (**Expdte. 2020/U022/000007**).
- **CANCELADA MOSQUERA, S.C.**, con CIF nº J70260328, solicitude de data 14/04/2020, rexistro de entrada nº 201999900000262, de obras de ampliación explotación de gando vacún de leite: ampliación de establo, fosa e construción dun silo en Lg. Carballedo, Buscás, Ordes (**Expdte. 2020/U022/000008**).
- **GANDEIRIA DEL RÍO, S.C.**, con CIF nº J70220157, solicitude de data 14/04/2020, rexistro de entrada nº 201999900000264, de obras de ampliación explotación de gando vacún de leite: reforma e ampliación de establo e construción dunha fosa de xurro en Lg. Xermiñas, Lesta, Ordes (**Expdte. 2020/U022/000009**).

#### 5. APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

A efectos do establecido no art. 83 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro e art. 28 do Regulamento Orgánico Municipal, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese ao Pleno do Concello, por razóns de urxencia, este expediente que inicialmente non figuraba incluído na orde do día.

Polo Sr. Alcalde xustifícase a urxencia en que estando prevista a próxima xubilación voluntaria a mediados do mes de agosto do funcionario que desempeña o posto de Tesourería e sendo necesaria a creación dun novo posto de Tesourería para o seu desempeño por Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, non foi posible a completa tramitación do expediente de modificación da RPT antes da convocatoria desta sesión ordinaria do Pleno, ao terse celebrado aínda a Mesa de Negociación o pasado luns, día 22/06/2020.

O Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría absoluta de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (2 grupo político BNG) sendo dezasete o número legal dos seus membros, acordou a inclusión deste asunto na orde do día.

Expediente de modificación da relación de postos de traballo.

Visto que resulta necesaria a creación dunha praza de Tesoureiro integrada na Escala de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, Subescala de Intervención-Tesourería, categoría de entrada, por canto o funcionario que viña exercendo dita función está próximo á súa xubilación voluntaria (17/08/2020) (artigo 67.1.a) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro) e o devandito posto, aínda que transitoriamente ven sendo prestado por un funcionario propio da Corporación (Técnico de Administración Xeral) ao amparo da Circular da DGFP sobre os "Criterios para o Exercicio das funcións de Tesourería en Corporacións Locais de menos de 20.000 habitantes a partir do 1 de xaneiro de 2017", é de obrigada existencia e cobertura por Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, segundo dispón o art. 92.bis.1. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Disposición transitoria sexta, apartado 2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, non podendo demorarse a súa creación ata o próximo exercicio.

Visto que é necesario modificar o complemento de destino e o específico asignado ao posto de traballo nº 05.00.01, "Técnico de administración Xeral", no que se refire a que unha vez cuberta a tesourería por funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, este deixará de prestar as devanditas funcións, non podendo demorarse, a súa aprobación ata o próximo exercicio.

Visto que o principio de boa administración esixe unha adaptación continua da organización aos cambios producidos de forma que esta reproduza unha imaxe fiel da realidade económica e organizativa subxacente.

Visto o disposto no art. 202 da Lei 2/2015, de 19 de abril.

Vistos os informes favorables de Secretaría e Intervención.

Visto o acordo favorable da Mesa Xeral de Negociación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que nada que alegar, son as modificacións propias dunha RPT.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que nada que engadir.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que poden estar de acordo no que se formula aquí sobre esta modificación da RPT para dar cumprimento a esa lei de 2017 ante a xubilación do actual tesoureiro. O motivo da súa abstención e non terse cumpridos todos os trámites que precisa esta tramitación, como poden ver no informe de Secretaría, que non pasou pola pertinente ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal. Certo é que se nos comunicou que o luns se celebraba a Mesa de Negociación, aínda así non se realizaron todos os trámites que debe ter esta tramitación, e ante un posible perigo de anulación optan pola abstención, non por outro motivo.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que esa é a tramitación que se pon no informe de Secretaría segundo a lei. Como consecuencia da celebración do pleno ordinario e de que na data de xubilación no mes de agosto é necesario ter tramitada a modificación da RPT para ter un tesoureiro. O Regulamento orgánico municipal na regulación do pleno permite que se poidan tratar asuntos sen ter que ser ditaminados previamente pola Comisión Informativa Permanente, previa declaración de urxencia, unha vez declarada esta si que se pode adoptar o acordo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é compatible co Regulamento orgánico e a lexislación vixente a modificación que aquí se trae, independentemente de que non se puidese celebrar a Comisión Informativa preceptiva, para sacar adiante este posto de tesourería.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo seguinte:

1.1.- Creación dunha praza de Tesoureiro integrada na Escala de Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, Subescala de Intervención-Tesourería, Categoría de Entrada, e en consecuencia a modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo.

O devandito posto terá as características seguintes:

Código	Denominación	Tipo	Corpo/Escala Categoría	G.	N.	C. Esp	F. P	Vac.	Titulación esixida	Formación específica	Observacións
05.00.01	Tesoureiro/a	F/S	H.E./ Intervención- Tesourería, Cat. Entrada	A1	30	29.801,06	C	Si	Lic. Dereito, CC. Políticas e da Admón., Socioloxía, A.D.E., Economía, CC. Actuarias e Financeiras ou Título de Grao correspondente	Ofimática	Especial dedicación e dispoñibilidade



# CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

## FICHA DESCRIPTIVA do POSTO

Código	05.00.01
Denominación do posto	Tesoureiro
Departamento de adscrición	Tesourería
Tipo de persoal	Funcionario
Escala	Funcionarios de Administración Local con Habilitación Estatal. Subescala Intervención-Tesourería, categoría entrada
Grupo de titulación	A1
Forma de provisión	Concurso
Nivel	30
Tarefas ou funcións do posto	<p>– A función de tesourería comprende:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• A titularidade e dirección do órgano correspondente da Entidade Local.</li><li>• O manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade Local, de conformidade co establecido nas disposicións legais vixentes e, en particular:<ol style="list-style-type: none"><li>1.º A formación dos plans, calendarios e orzamentos de Tesourería, distribuindo no tempo as disponibilidades dinerarias da Entidade para a puntual satisfacción das súas obrigacións, atendendo ás prioridades legalmente establecidas, conforme aos acordos adoptados pola Corporación, que incluírán información relativa á previsión de pago a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.</li><li>2.º A organización da custodia de fondos, valores e efectos, de conformidade coas directrices sinaladas pola Presidencia.</li><li>3.º A realización das cobranzas e os pagos de conformidade co disposto na normativa vixente, o Plan de Disposición de Fondos e as directrices sinaladas pola Presidencia, autorizando xunto co computador de pagos e o interventor os pagos materiais contra as contas bancarias correspondentes.</li><li>4.º A subscripción das actas de arqueo.</li></ol></li><li>• A elaboración dos informes que determine a normativa sobre morosidade relativa ao cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago das obrigacións de cada Entidade Local.</li><li>• A dirección dos servizos de xestión financeira da Entidade Local e a proposta de concertación ou modificación de operacións de endebedamento e a súa xestión de acordo coas directrices dos órganos competentes da Corporación.</li><li>• A elaboración e acreditación do período medio de pago a provedores da Entidade Local, outros datos estatísticos e indicadores de xestión que, en cumprimento da lexislación sobre transparencia e dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira, gasto público e morosidade, deban ser fornecidos a outras administracións ou</li></ul>



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

	<p>publicados na web ou outros medios de comunicación da Entidade, sempre que se refiran a funcións propias da tesourería.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- A función de xestión e recadación comprende:<ul style="list-style-type: none"><li>• A xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación.</li><li>• O impulso e dirección dos procedementos de xestión e recadación.</li><li>• A autorización dos pregos de cargo de valores que se entreguen aos recadadores, axentes executivos e xefes de unidades administrativas de recadación, así como a entrega e recepción de valores a outros entes públicos colaboradores na recadación.</li><li>• Ditar a providencia de constrinximento nos expedientes administrativos deste carácter e, en todo caso, resolver os recursos contra a mesma e autorizar a poxa de bens embargados.</li><li>• A tramitación dos expedientes de responsabilidade que procedan na xestión recadatoria.</li></ul></li><li>- A asistencia ao Alcalde nas materias propias da súa área.</li><li>- Planificar, organizar e orientar os distintos ámbitos de traballo nos que se estruture a área.</li><li>- Coordinar, atender as necesidades, propoñer melloras e innovacións, informar das deficiencias e canalizar as demandas doutros servizos municipais.</li><li>- Asesorar ao órgano competente para a súa aprobación as propostas de ordenanzas e regulamentos de carácter económico, no que respecta á xestión e recadación dos mesmos.</li><li>- A proposta de pregos para a concertación de operacións de endebedamento e contratación de operacións para rendabilizar os seus excedentes temporais de tesourería.</li><li>- Ditar instrucións, sen prexuízo das competencias doutros órganos, nas materias da súa área.</li><li>- Manter actualizada a información ca Central de Información de Riscos.</li><li>- As demais inherentes ao posto de traballo.</li><li>- Calquera outra tarefa correspondente á súa subescala e que sexa propia da área na que se integra.</li></ul>
Requisitos para o seu desempeño	<ul style="list-style-type: none"><li>- Titulación esixida: Licenciado en Dereito, Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración, Licenciado en Socioloxía, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Licenciado en Economía, Licenciado en Ciencias Actuariais e Financeiras ou o título de Grado correspondente.</li><li>- Manexo de ofimática a nivel de usuario/a.</li></ul>
Observacións	Especial dedicación e dispoñibilidade

1.2.- Modificación do complemento de destino e o específico do anterior posto de traballo Num. 05.00.01, que pasará a ser o posto de traballo Num. 04.00.04:



# CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Código	Denominación	Tipo	Corpo/Escala Categoría	G.	N.	C. Esp	F. P	Vac.	Titulación esixida	Formación específica	Observacións
04.00.04	T.A.X.	F/N.S.	A.X./ Técnica	A1	28	22.820,59	C	Si	Lic. Dereito, CC. Políticas e da Admón., Socioloxía, A.D.E., Economía, CC. Actuariais e Financeiras ou Título de Grao correspondente	Ofimática	

### FICHA DESCRIPTIVA do POSTO

Código	04.00.04
Denominación do posto	Técnico de administración xeral
Departamento de adscrición	Intervención
Tipo de persoal	Funcionario
Escala	Administración xeral, subescala técnica
Grupo de titulación	A1
Forma de provisión	Concurso
Nivel	28
Tarefas ou funcións do posto	<ul style="list-style-type: none"><li>- Estudo, informe, asesoramento e propostas de carácter superior sobre calquera materia incluída no ámbito funcional do departamento.</li><li>- En materia de persoal:<ul style="list-style-type: none"><li>• Participar na preparación das Ofertas Públicas de Emprego, coa supervisión e colaboración da Secretaría.</li><li>• Participar na preparación e resolución das convocatorias de selección de persoal.</li><li>• Facer propostas en materia de persoal.</li><li>• Coordinación, elaboración e/ou supervisión das nóminas do persoal e as relacións coa Seguridade Social.</li></ul></li><li>- En materia de contratación:<ul style="list-style-type: none"><li>• Xestionar os expedientes de contratación.</li><li>• Preparación de pregos de pregos de cláusulas administrativas en colaboración coa Secretaría e a Intervención municipais.</li><li>• Revisión dos pregos de prescricións técnicas.</li><li>• Redacción de contratos.</li><li>• Asesorar y colaborar en outro tipo de expedientes relacionados con la contratación administrativa.</li></ul></li><li>- En materia de Patrimonio:<ul style="list-style-type: none"><li>• Tramitar expedientes de patrimonio.</li><li>• Tramitación de expedientes de responsabilidade patrimonial.</li></ul></li><li>- A asistencia ao Alcalde nas materias propias da súa área.</li><li>- As demais inherentes ao posto de traballo.</li><li>- Calquera outra tarefa correspondente á súa subescala e que sexa propia da área na que se integra.</li></ul>





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Requisitos para o seu desempeño	<ul style="list-style-type: none"><li>- Titulación esixida: Licenciado en Dereito, Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración, Licenciado en Socioloxía, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Licenciado en Economía, Licenciado en Ciencias Actuariais e Financeiras ou o título de Grado correspondente.</li><li>- Manexo de ofimática a nivel de usuario/a.</li></ul>
Observacións	Disponibilidade ocasional

2.- Abrir un trámite de información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 20 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno.

O acordo considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións, alegacións ou suxerencias. No caso de que se presenten reclamacións serán resoltas polo Concello Pleno no prazo dun mes (art. 169.1 TRLRHL).

3.- Unha vez aprobada definitivamente, da modificación da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia

4.- Solicitar da Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a correspondente clasificación do posto de Tesourería como reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional da subescala de Intervención-Tesourería, para a súa inclusión nos procedementos de provisión ordinarios dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

### 6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 27 de febreiro de 2020, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decitado.

### 7. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“Desde que o 14 de marzo se declarara o estado de alarma no conxunto do España, como medida de loita conta a expansión da pandemia orixinada polo coronavirus COVID-19, tódolos niveis administrativos do Estado (Goberno, comunidades autónomas, deputacións e concellos) asumiron tarefas extraordinarias que se centraron inicialmente no plano sanitario e ampliadas logo ao plano laboral, social, científico, educativo, etc.. Baixo o estado de alarma e emerxencia sanitaria, as medidas de confinamento e limitación da actividade e mobilidade conseguiron, con moito esforzo e grazas á implicación da cidadanía, frear os contaxios, dobre a curva e iniciar o camiño de desescalada cara á nova normalidade, no que actualmente nos achamos.

No caso dos concellos, o seu traballo foi especialmente destacable, pois tiveron que afrontar a xestión a pé de rúa dunha situación que, de seguro, é a máis complexa á que se enfrontaron no actual período democrático. Nas súas costas recaeu en boa medida a aplicación dos protocolos de seguridade nos espazos públicos, a atención ás persoas máis vulnerables a través dos Servizos Sociais Municipais, o refuxio das sen teito, a atención a autónomos e diversas medidas de axuda e pulo do comercio e a economía local.

Iniciativas locais que se teñen incrementando nesta fase de desescalada, na que todas as corporacións municipais están asumindo importantes gastos extraordinarios derivados da adaptación ás normas estatais e autonómicas que rexerán a nova normalidade: afondamento na administración electrónica, reformas de calado nos edificios municipais para adaptar oficinas e espazos de atención ao público, estritos protocolos de desinfección dos espazos públicos (parques, prazas, áreas de xogo infantil...), incremento notable no número de usuarios/as dos servizos sociais, aplicacións e campañas de apoio ao comercio e á hostalería, adaptacións de infraestruturas deportivas e centros de ensino, novas fórmulas de conciliación para as familias, reprogramación de toda a actividade cultural e festiva, especialmente do verán, etc.

Necesidades de investimento ás que se engaden situacións particulares, por exemplo, dos concellos que contan con praias, piscinas e zonas de baño fluvial, que deben afrontar tamén importantes desembolsos para adaptalas á nova situación e garantir a saúde dos usuarios/as. Situación ante a que algunhas comunidades autónomas, incluso algunha gobernada polo Partido Popular, como a Junta de Andalucía, xa anunciaron investimento de ata 24 millóns de euros á contratación, mediante convenios cos concellos, de persoal para prestar apoio nos areais.

Un incremento notable dos gastos que deben combinar cos escasos recursos económicos, medios materiais e competencias que caracterizan aos concellos galegos, os que cotan con menos ingresos por habitante de todo o Estado, ata un 50% menos que os concellos vascos ou cataláns; capacidade de gasto ordinaria que se verá aínda máis diminuída nos vindeiros meses pola previsible diminución nos ingresos derivada da menor actividade económica. Consciente de todo isto, o Goberno de España ten anunciado e aprobado nas últimas semanas diversas medidas de apoio directo e indirecto aos Concellos, como o desbloqueo de 300 millóns de euros do superávit das entidades locais para actuacións de protección e promoción social, que non computará na regra de gasto; superávit e remanentes municipais, retidos pola chamada Lei Montoro do Partido Popular, sobre os que o Goberno está a negociar coa FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias) o xeito de desbloquealos e poñelos a disposición dos concellos; outros 300 millóns de euros para garantir a asistencia a domicilio das persoas dependentes; 17 millóns, só en Galicia, do Fondo Social Extraordinario para servizos sociais; 1,9 millóns de euros en bolsas comedor para 13.766 nenos e nenas galegos/as, etc.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Mención aparte merecen os recursos económicos mobilizados polo Estado para axudar ás Comunidades Autónomas, como o adianto de 2.800 millóns de euros dos pagos a conta, 1.000 millóns a través do Ministerio de Sanidade para atender os gastos sanitarios extraordinarios, e, sobre todo, o chamado Fondo Especial para a Reconstrución, que inxectará a fondo perdido 16 mil millóns de euros nos orzamentos da Comunidades, entre elas, obviamente, a Xunta de Galicia, que o único que ten comprometido cos concellos nos últimos meses é un adianto do Fondo de Cooperación Local, é dicir, dos cartos que xa son dos concellos; ademais de ideas e ocorrencias absurdas, con menos percorrido que a credibilidade de Alberto Núñez Feijóo, como o sistema de cita previa mediante códigos QR para asistir ás praias, ou delimitación de núcleos de poboación de menos de 5.000 habitantes no centro das cidades galegas, ás que se poderían engadir despilfarros de recursos públicos como o reenvasado de máscaras cubrebocas para pórilles o logotipo da Xunta ou o estudo de seroprevalencia duplicado, co que o PP pretendía competir co Ministerio de Sanidade e que tivo que ser abandonado de facto antes de rematarse pola súa escasa fiabilidade.

É o momento de que Xunta de Galicia asuma a súa responsabilidade e axude aos concellos, que nesta situación, máis do que xa é habitual, están asumindo competencias da Comunidade Autónoma, para non deixar aos seus veciños e veciñas abandonados e, transfira ás entidades locais fondos extraordinarios, incluíndo parte dos recursos que perciba en virtude do sinalado Fondo Especial para a Reconstrución que impulsa o goberno de España.

Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

A Corporación Municipal de Ordes acorda instar á Xunta de Galicia a transferir aos 313 concellos de Galicia e ás 4 deputacións provincias recursos a través dun Fondo Extraordinario de Respaldo aos Concellos e Administración Locais para a Reconstrución Social de Galicia pola Covid-19, que acade os 300 millóns de euros e que se distribúa cuns criterios de reparto acordados no seo da FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias)".

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo. Todo o que veña a maiores para o noso municipio sempre van a votar a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que tamén poden estar de acordo co que se formula nesta moción do PSOE, o que pasa é que tamén hai que ser realistas. Estamos a dúas semanas dunhas eleccións autonómicas, de aí xurdirá un novo goberno, agarda que sexa unha nova presidenta. Este tipo de actuacións temos que ser realistas. Hai uns orzamentos autonómicos que están aprobados, que terán unha porcentaxe de execución avanzada, ao mellor hai fondos ou non os hai. Está de acordo en que a Xunta de Galicia tería que facer estas aportacións que se formulan nesta moción en concreto. Está moción habería que presentala despois da moción ou incluso bastante antes. Comparten o fondo do que se solicita.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que no Pleno de 28/05/2020 o goberno municipal propuxo a través dunha proposta da Alcaldía instar ao goberno de España a garantir a autonomía que a constitución española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos. Nesta proposta votouse unanimemente que de maneira urxente os Concellos puideran empregar todo o superávit do remanente de tesourería. Concorde co voceiro do BNG en que non é momento, esta é unha moción electoralista. En canto ao Fondo de Cooperación Local Galicia foi pioneira en establecer un instrumento de financiación estable. O compromiso do goberno galego co municipalismo é coñecido, e foi dotado sen necesidade do Covid-19 con cento vinte e sete millóns de euros. Se falan de dinamización e reactivación do goberno galego, incluíuse unha dotación de máis de tres mil millóns de euros para recuperar a actividade económica e o emprego e fortalecer os servizos públicos. Como lles gusta falar de millóns, na distribución destes recursos a dinamización económica e o emprego suman cincocentos trinta e sete millóns, sanidade catrocentos cincuenta millóns, infraestruturas e mobilidade cento oitenta e tres millóns, medio rural cento sesenta e un millóns, área social cento cinco millóns, turismo e cultura cincuenta e oito millóns, sector do mar setenta e sete millóns, medio ambiente cento catro millóns, vivenda cento oitenta e tres millóns. Cree que o goberno galego ten un compromiso coa sociedade e cos concellos. Recórdalle que o Fondo de respaldo aos concellos ao que se refiren a Ministra de Facenda en varias ocasións en resposta á pregunta do goberno galego sobre os recursos que se lle van a transferir ás comunidades autónomas e se estes eran tamén para os concellos, foi tallante na súa contestación de que non. Os novos recursos para as entidades locais é unha cuestión que debe ser analizada ente o Goberno de España e a FEMP. Os recursos que o estado vai a trasladar ás entidades locais non deberían solaparse cos das comunidades autónomas. Non poden compartir os criterios de reparto por que como ven exposto na exposición de motivos prexudica claramente á nosa comunidade autónoma. É certo que nos últimos días o goberno da nación tivo en conta algunha das propostas que fixo a Xunta de Galicia, segue sendo unha proposta de reparto totalmente insuficiente para Galicia por que está moi alonxada do que nos corresponde. No reparto do gasto sanitario o goberno segue sen ter en conta o gasto de atender ás persoas nos seus domicilios, o gasto das residencias integradas ou o intenso gasto que afrontou Galicia en atención primaria. A Xunta de Galicia defende repartir eses fondos polo criterio de poboación protexida ou axustada, por que se teña en conta criterios como o avellentamento ou a dispersión, por que son claves á hora de determinar o gasto pola prestación dos servizos. Piden agora algo que sorprende a todo o mundo, son vostedes os que están gobernando, está na súa man conseguir xa se queren que o Estado reparta aos concellos, cousa que o Ministerio de Facenda xa adiantou que non.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que se reiteran non sinalado anteriormente. Galicia é a terceira comunidade que máis recibe. O goberno central si que está dando recursos a Galicia. Non hai que falar desa maneira, o PSOE é o malo e o PP é o bo.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que seguen a dicir o mesmo que dixeron na súa intervención, todos os recursos e cartos que poidan vir para o noso municipio van a votar a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que xa sabe que a Sra. García Gómez non aspira a que teñamos unha Presidenta, eles si, apostan que o 12 de xullo terá que escoller a poboación galega quen quere que sexa o seu goberno nos próximos catro anos. Por que teñen unha aspiración a gobernar Galicia, teñen que ser serios á hora de votar esta moción. Non saben en que situación no caso de que lles dean os apoios suficientes



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

para poder gobernar este país, en que situación estarán os orzamentos da Xunta de Galicia, o seu grado de execución e os recursos que hai como para poder acometer ou non o que aquí se solicita. Sendo serios e sensatos nesta situación, non é quince días antes dunhas eleccións o momento de presentar esta proposta, aínda que compartan o fondo que se propón, é polo que van a absterse nesta moción.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que reitera que o interesante sería que o superávit e o remanentes de tesourería se puidera utilizar, en todo caso que paguen canto antes, e a cada territorio en función das súas características específicas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), cinco votos a favor (3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE) e coas abstencións (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político PSdeG-PSOE.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“Unha das eivas máis importantes e dos fracasos máis estrepitosos que nos deixan os once anos de goberno do Partido Popular en Galicia, é o declive demográfico e a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores. Este goberno conservador non foi quen de garantir o benestar e a calidade de vida nin dos nosos maiores nin da nosa sociedade no seu conxunto. Segundo os baremos da Organización Mundial da Saúde, en Galicia faltan 14.000 prazas en residencias de maiores. En 11 anos non se fixeron residencias públicas.

Fronte a crise sanitaria e social máis grave da nosa historia democrática, a pandemia do COVID-19, o descalabro do sistema de asistencia social as persoas maiores é unha evidencia incuestionable. O epicentro desta pandemia en Galicia situouse nos centros residencias que debían contar cós recursos axeitados e as medidas precisas para salvagardar a vida e as necesidades dos seus residentes, nunha sociedade solidaria e inclusiva como pretende ser a nosa.

A realidade que nos toca e nos tocou vivir nestes meses en plena crise, puxo en evidencia que se afondou aínda máis nas consecuencias xeradas polas problemáticas habituais destes centros, das que xa no ano 2017 denunciou o Consello de Contas de Galicia, no seu informe sobre “Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes”: privatización, escaseza de persoal, falle de control e fiscalización dos centros, incumprimentos das condicións contractuais, servizos contratados sen persoal acaído.

A situación padecida foi especialmente dramática entre os maiores xa que os centros residenciais partían dunha situación de vulnerabilidade máxima: falla de prazas, deficiencias graves na xestión, dun xeito especial nalgunhas privadas, incumprimentos en materia de persoal, uso desaxeitado das instalacións, deficiencias nos protocolos de funcionamento, falla de rigor nos rexistros, no material, etc.

A pandemia do Covid-19 profundou aínda máis nestas deficiencias. A elo engadiuse o escurantismo do goberno galego respecto da situación deses centros, a falla de medidas preventivas para os profesionais e os usuarios e usuarias, a realización de test así como o a falla de control exhaustivo dos centros privados, levou a moitos residencias de maiores a esta situación de enorme gravidade sanitaria.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

Esta crise sanitaria do coronavirus abre un debate sobre o modelo das residencias de maiores que leva unha década agochado. O actual resultou ser un absoluto fracaso e as consecuencias que estamos a pagar son insoportables nunha sociedade moderna e solidaria, a pesares da labor de entrega, traballo, profesionalidade e adicación que está a demostrar e demostrou a maioría dos/as traballadores/as. O que está en tela de xuízo non é a súa labor, é a xestión. A diferenza na xestión desta crise nas residencias de maiores públicas e as privadas é moi clarificadora.

Chegou o tempo dun novo concepto de atención residencial, no que se fomente un clima familiar e de arraigo e apego os/as usuarios/as. Chegou o tempo de que o goberno da Xunta de Galicia renda contas da súa actuación neste eido e asuma as múltiples responsabilidades sobre o acontecido. É preciso coñecer como se infectaron os centros de maiores, que medidas se tomaron, que tipo de protocolos se implementaron, que criterios obxectivos foron seguidos pola Administración autonómica a hora de seleccionar e intervir estes centros residencias. A opacidade na información sobre as vítimas e os contaxios, constitúe unha pesada bruma que é preciso clarear. Temos a responsabilidade de demandar unha investigación que clarexe o sucedido no que atinxe a xestión destes centros en Galicia. As familias merecen unha explicación transparente.

Tendo en conta o anteriormente exposto, instamos do Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- O pleno do Concello de Ordes insta ao Parlamento de Galicia a constituír na vindeira lexislatura, unha comisión de investigación sobre as causas e consecuencias padecidas pola pandemia do Covid-19 nas residencias de maiores.

2.- Demandar do novo goberno que xurda das vindeiras eleccións autonómicas un cambio de modelo asistencial e de prestación de servizos nas residencias de maiores do noso país”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que sempre van a estar a favor de que se investiguen as cousas para poder ver os erros que se puideron cometer. Os partidos nacionais nisto son bastantes remisos. O ven ben

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a diferenza da moción anterior, neste caso si que se está referindo a actuacións que se deberá construír unha comisión de investigación na vindeira lexislatura para determinar as causas e consecuencias padecidas pola pandemia do Covid-19 nas residencias de maiores. Tamén se demanda que o novo goberno que xurda das vindeiras eleccións autonómicas un cambio de modelo asistencial e de prestación de servizos nas residencias de maiores do noso país. Creen que é necesario abandonar o modelo do PP centrado na xestión privada de residencias dos maiores. Calquera persoa é consciente que a xestión privada é máis custosa que a pública, aínda que na realidade non o estea a ser, por que a xestión privada o que fai é precarizar as condicións laborais das persoas que traballan nelas, non se cobren nalgunhas ocasións as baixas que se



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

xeran. O conteo das persoas válidas e asistidas nalgún caso ata pode ser dubidoso. Cal é a maneira de que sexa máis barata a xestión privada é con todas estas precarizacións, senón non se explica como cunha xestión pública que non ten o beneficio industrial que ten a xestión privada poida saír máis cara. Estas precarizacións ao final dan lugar a unha precarización da asistencia que teñen os nosos maiores da súa calidade de vida. Apostan por un modelo de orientación pública cambiando todo isto. Como esta moción se refire a compromisos de cara a vindeira lexislatura nesta ocasión si que a van a apoiar.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que lle sorprende moitísimo tanto o que tivo que ler na exposición de motivos como as intervencións anteriores, o confinamento debeu afectar a todos os ámbitos das vosas vidas. Sorprende a exposición de motivos que é claramente electoralista. Recórdalle ao Sr. Viqueira Nouche que foi o executivo progresista o que desoñiu en primeiro lugar todas as alertas internacionais sanitarias e que se fallou na coordinación entre as administracións. Este goberno conservador do que está a falar actuou con anticipación, contundencia e transparencia. Anticipación por que Galicia xa contaba cun protocolo de actuación, ese que vostedes demandan agora, para os centros dos servizos sociais antes que o goberno central. A autoridade sanitaria asumiu dende o primeiro momento a tutela das residencias, estableceuse unha coordinación entre profesionais sanitarios, os sanitarios das residencias e especialistas en xeriatría. Ese modelo de asistencia sanitaria compartida é o que se está negociando agora nestes momentos entre o PP e o PSOE a nivel nacional. Galicia puxo en marcha as primeiras residencias integradas, intervúu as residencias privadas, reforzou con 1.013 profesionais o persoal das residencias e conquiríu material de protección para todas as residencias públicas e privadas, realizou as probas do Covid-19 ao cen por cen dos usuarios das residencias. Pola contra o seu goberno progresista que fixo en Galicia, abandonar os centros onde viven as persoas máis vulnerables, maiores e discapacitados, os seus centros, o goberno central ten dous centros en Galicia e os abandonou totalmente. O Sr. Vicepresidente do goberno central anunciou que nas residencias onde tivesen problemas acudiría ao rescate o exército, pero o único que se lles pediu aos militares foi a desinfección dos centros. En Galicia o goberno central non subministrou o material aos dos centros de discapacidade que o executivo ten en Ferrol. Non é de estrañar cando inicialmente o goberno asume o subministro centralizado de material segundo o Ministro de Sanidade e despois o Presidente Sánchez asegura o contrario deixando á deriva ás Comunidades Autónomas. Fala despois de transparencia, Galicia leva tempo, varias semanas achegando datos sobre as residencias ao goberno central, que non fixo público os datos a nivel nacional sobre as residencias. Quen é o que non é transparente. Desafortunadamente segundo os datos que facilitan os medios de comunicación os lugares máis afectados pola pandemia tanto en Europa como en España foron as residencias. As residencias galegas contiveron mellor a pandemia que as do resto de toda España. O compromiso do goberno galego coa calidade asistencial xa estaba reflectido antes da pandemia no plan de inspección para 2020 aprobado en xaneiro. Xa se tiñan aberto trinta e tres expedientes sancionadores e pechado dous centros que non cumprían e durante a pandemia a inspección acudiu trinta e sete a centros asistenciais e incoou catro expedientes sancionadores, por iso a Xunta prevé de maneira inminente reforzar a labor do inspector facilitando aos usuarios e ás familias a presentación de queixas e demandas directamente na Xunta. Non podemos emprender unha causa xeral cotra todas as residencias como consecuencia da pandemia. Na práctica totalidade dos centros asistenciais de Galicia dispénsase un coidado excelente. No que si están de acordo é en facer unha reflexión de como seguir mellorando a atención dos maiores, se a reflexión sobre o futuro das residencias ten ese fin o PP e o goberno municipal sempre estará aberto a facela.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que reitera o manifestado. Non se lles informou cantos mortos houbo nas residencias e as causas polas que faleceron.

Intervén a Sra. García Gómez, que pregunta se o goberno central dixo cantas houbo en España.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, que sinala que en moitas en residencias faltaban Epis, as competencias están transferidas. Na televisión saíron protestas de como estaban as residencias de maiores, non son un aparcadoiro de persoas maiores, hai que atendelas co respecto que se merecen.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que como dixeron antes a creación dunha Comisión de investigación non lles parece mal, pódese saber os erros que se cometeron se acontece de novo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que saben que non os van a convencer. Basearse sempre na xestión privada non sempre é o máis axeitado. Vostedes teñen o seu punto de vista, nos temos o noso. Eles expoñen que a xestión pública é sempre moito mellor. Un cambio de modelo asistencial e de prestación de servizos nas residencias de maiores do noso país, é algo bo, que se debe facer. Por iso apoian esta moción.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que a proporción de residentes dentro das vítimas totais da pandemia é de vinte e dous puntos en Galicia menor que na media de España, é a cuarta comunidade con menos falecementos polo virus nas residencias respecto ao número de prazas. O impacto do coronavirus nas residencias galegas é a metade que a media nacional. En Galicia máis do oitenta por cento dos falecementos por coronavirus dos usuarios das residencias concéntranse en doce centros, o dous coma cinco por cento de todos os centros residenciais que hai na comunidade. 273 persoas usuarias de residencias faleceron en Galicia dos cales 222 pertencían a eses doce centros que é o dous coma cinco por cento. En relación co primeiro punto do acordo van a absterse por que si ven é certo que a Xunta actúa con total contundencia nos casos que se detectan irregularidades, debe ser o Parlamento de Galicia o que exerza con total autonomía as súas competencias. Con respecto ao punto segundo tamén van a absterse por que non se pode empregar unha pandemia que impactou en todos os ámbitos da nosa sociedade como escusa para unha causa xeral contra o modelo asistencial de Galicia. Están abertos a reflexionar como seguir mellorando a atención aos maiores e as persoas con dependencia, pero non pode ser unha escusa para que certos partidos intenten impor dogmas ideolóxicos. Dende o grupo de goberno van a absterse.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de sete votos a favor (2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (9 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- O pleno do Concello de Ordes insta ao Parlamento de Galicia a constituír na vindeira lexislatura, unha comisión de investigación sobre as causas e consecuencias padecidas pola pandemia do Covid-19 nas residencias de maiores.

2.- Demandar do novo goberno que xurda das vindeiras eleccións autonómicas un cambio de modelo asistencial e de prestación de servizos nas residencias de maiores do noso país.





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“Nos últimos días publicouse na páxina do Concello o custo dos cursos de natación que se impartirán este verán na piscina descuberta, nos que o Concello fai un desconto do 50% no prezo total aos alumnos/as que pertencen a unha familia numerosa, como se viña facendo anteriormente. Nas últimas datas vemos que a situación económica de moitas familias está empeorando debido á crise económica provocada pola Covid-19 (membros da unidade familiar no paro, ERTE, ERE, ...etc.).

Moitas destas familias probablemente non poderán asumir os gastos que xeran o pago de taxas das diferentes actividades lúdicas e deportivas ás que poden acudir os seus fillos e fillas.

Dende Unión por Ordes cremos que ningún neno/a se debe ver afectado por esta situación que estamos a vivir e que hai que dar facilidades dende as distintas administracións para que se poidan anotar a estas actividades sen que iso supoña unha carga para a economía familiar.

Polo que propoñemos ó pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da corporación municipal insta ó Alcalde de Ordes a que todos/as nenos/as que pertencen a familias nas que os seus proxenitores ou titores legais se encontren en situación de desemprego, ERTE, ERE, ou sen ingresos, queden exentos do pago das cotas das actividades ofertadas polo concello para o ano 2020 e, do mesmo xeito, poidan ter dereito ao bono gratuito de entrada á piscina municipal descuberta nesta tempada”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están totalmente de acordo sempre que se cumpran os requisitos que contemplan esta situación. Van a mostrar o seu apoio.

Intervén a Sra. Castendo Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que están de acordo coa moción. Estamos a sufrir un momento complicado e de dificultade debido á crise pola Covid-19. Calquera medida que se tome para axudar e facilitar o día a día das familias e veciños de Ordes é positiva e será benvida.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que o abono dos prezos de calquera actividade, neste caso da piscina, supón unha medida de control de acceso. Un a foro de 509 persoas, correspondente ao 75 %, un reparto gratuito de carnets a 1.500 familias suporía distribuír o acceso á piscina un de cada tres días. Non poderían ir á piscina todos os días. Repasen a ordenanza do prezo público por actividades culturais e deportivas que contempla un desconto por familias numerosas e unha tarifa reducida pola situación económica do usuario que cumpra as condicións establecidas. O goberno municipal considera que o acceso á piscina municipal a 0,20 céntimos diarios cun abono mensual resulta accesible a calquera tipo de familia. Cantidade que resulta aínda máis reducida si se accede ao



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

carnet de tempada que son 0,15 céntimos diarios. Non so polo Covid-19, a preocupación do goberno municipal polas persoas vulnerables é evidente, non so neste momento, dende o inicio deste goberno. A última redacción desta ordenanza foi o 20/11/2015.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que o que pretenden con esta moción é que para eles todos os nenos son iguais, non ten que influír a súa situación económica e familiar para poder acceder non so ao bono de entrada á piscina, tamén todas as actividades que se desenvolvan no concello. Unha familia na que os seus ingresos se vexan diminuídos o primeiro no que van a reducir son nas actividades do seu fillo, que non teñen por que sufrir as consecuencias desta situación. Que con esta medida se incrementa o número de usuarios da piscina, teñen tanto dereito eles como unha persoa que pague. Se se están a aplicar tarifas reducidas o ven ben. Nesta situación particular deberíase dar o acceso gratuíto.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que mostrar a súa conformidade. Todo o que sexa implementar o deporte ou favorecelo están de acordo. Non supón ningunha discriminación e menos nas familias desfavorecidas.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que reiteran o seu apoio á moción.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que o apoio ás familias desfavorecidas xa está contemplado non so neste momento senón ao longo de todos estes anos. Incluso temos algunha actividade con bonos a custe cero. Está cuberta a posibilidade de acceso destas familias á piscina.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de nove votos en contra (9 grupo político PP), sete votos a favor (2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político UxO.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“No tramo da AC-409, do punto quilométrico 2 ata o punto quilométrico 3, que transcorre pola parroquia de Mercurín, o límite de velocidade está establecido en 90 qm/h e o recomendable sería circular a 70 qm/h. Esta vía ten bastante tráfico e tamén circulan por ela a diario un número considerable de vehículos pesados. Ademais nas súas marxes, como se pode apreciar nas fotografías que se xuntan, existe unha marquesiña, un parque infantil, un local social e pistas deportivas.

Veciños e veciñas do lugar quéixanse de que moitas veces os vehículos incluso superan a velocidade establecida, co risco que isto supón para as persoas. Dende Unión por Ordes cremos que se debería reducir o límite de velocidade de 90 qm/h a 50 qm/h no tramo citado anteriormente.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

Por todo elo é que propoñemos ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que reduza o límite de velocidade de 90 qm/h a 50 qm/h na estrada AC-409 dende o punto quilométrico 2 ata o 3".

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non lle queda moi claro o recomendable e circular a 70 qm/h e despois a 50 qm/h. Haberá que implementar algún tipo de mecanismo para que se cumpran estes límites, en moitas vías estas limitacións de 50 qm/h non se cumpren. Non van a dicir que non.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que é unha situación complicada. A estrada de Mercurín transformouse de estrada municipal a unha vía de alta capacidade cos seus arcéns correspondentes para o bo e para o malo. Nas vías de alta capacidade dispor de limitacións de 50 qm/h continuamente é complicado. Verían con vos ollos impor unha limitación de velocidade a 70 qm/h como sinalan na exposición de motivos. Moitas vías de alta capacidade a velocidade de 90 qm/h cando hai núcleos de poboación redúcese a 70 qm/h. Sería unha cuestión inicial ver como vai o tema, igual habería que por para que se respecte esa velocidade radares cada certo tempo. Haberá que facer controis periódicos para que se reduza a velocidade e se reduza o risco de atropelos. Non saben se aceptarían unha emenda de redución inicial da velocidade de 90 qm/h a 70 qm/h nese tramo e en función da situación ver se é necesario reducila a 50 qm/h.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle vai a dar máis datos 30/11/2018, 03/02/2019 e 24/04/2019, son as solicitudes que se fixeron de redución da velocidade nesta estrada. Do pq. 2 ao pq. 3 non pode ser por que non é nin sequera núcleo rural. A velocidade conforme á lei de estradas é de 90 qm/h. A única opción que temos aquí conforme ao informe da policía local é que se reduza a velocidade de 90 qm/h a 70 qm/h, nunca a 50 qm/h, nos pq. 2+540 e 2+660. Este é o tramo onde está a escola metros arriba, metros abaixo. É a única opción viable segundo o informe da policía local. Sumándose ao que di o BNG a última petición que se fixo de redución de velocidade e coa redución de 90 qm/h a 70 qm/h, nunca vamos conseguir unha redución a 50 qm/h. Si ten a ben modificar a proposta de acordo e tamén parte da exposición de motivos incluíndo novamente o informe da policía local de data 16/04/2019 para reiterar unha vez máis, por que está claro que na saída da escola máis na saída que ven desde Pedre é onde está o conflito máis grande, un pouco antes de Zampaño a parte que fai un pequeno cambio de rasante e reduce a visibilidade, aínda que a curva non é moi pronunciada, que sexan neses 160 m onde se produza a redución de velocidade. Se fai a modificación nese sentido non ten inconveniente en volver a envialo.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que non teñen ningún inconvinte en que se pase a 70 qm/h. É unha proposta que lle enviaron os veciños por que vían un risco. Sabemos que esta vía agora ao ser da Xunta de Galicia é máis difícil. Aceptan esa emenda sen ningún problema con tal de que se reduce e se respecte o máximo posible a velocidade o ven ben.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se modifican a moción aínda están máis de acordo. A ver se nos fan caso e reducen a velocidade nesa zona a 70 qm/h. Reitera que para que esa redución sexa efectiva hai que controlar a velocidade nesa zona e por radares periodicamente. A xente a veces aprende so a base de multas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Instar á Xunta de Galicia a que reduza o límite de velocidade de 90 qm/h a 70 qm/h na estrada AC-409 dende o punto quilométrico 2+540 ata o 2+660.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“Ollando o servizo que ofrece o tren rexional na estación de Ordes, pódese comprobar que estanse a ofertar 4 paradas ao longo do día para o traxectos A Coruña – Santiago – Vigo e outras 4 paradas para o traxecto Vigo – Santiago – A Coruña.

Para cada un deses mesmos traxectos, a estación de Cerceda – Meirama dispón de 6 paradas e a estación de Uxes conta con 5 paradas diarias.

A parte da problemática particular que presenta a estación do tren de Ordes, está claro que un servizo reducido e precario, non contribúe para nada na potenciación do uso deste medio de transporte no noso concello. Logo do investimento que supuxo a construción dunha infraestrutura como é a estación do tren de Ordes, e tendo presente a condición de Ordes como cabeceira de comarca, non é de recibo que unha liña de tren rexional non oferte os mesmos servizos na estación de Ordes que os que pode ofertar na citada parada de Cerceda – Meirama ou mesmo os ofertados na parada de Uxes.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar a RENFE e ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, a implantar na estación do tren de Ordes, o mesmo número de paradas para o tren rexional que se está a ofertar na estación do tren de Cerceda – Meirama”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo. Todo o que sexa implementar o transporte público, ten máis facilidades para a xente e elimina tamén parte da contaminación que estamos sufrindo no planeta. Por tanto mostramos a conformidade con isto.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo, todo o que sexa mellorar os servizos que pode ter Ordes en transporte público o ven ben

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha petición xusta. Espera que sexa atendida por Renfe e teñamos unha para máis en función das solicitudes que poida haber por parte da veciñanza.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Instar a RENFE e ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, a implantar na estación do tren de Ordes, o mesmo número de paradas para o tren rexional que se está a ofertar na estación do tren de Cerceda – Meirama.

### 8. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- O 21 de xuño de 2020 finalizou o estado de alarma decretado por primeira vez polo Decreto 463/2020 de 14 de marzo, e prorrogado ata en seis ocasións por decisión do Pleno do Congreso dos Deputados, o que supuxo que o Goberno asumira o mando único en todo o territorio, así como as restricións de movementos, peche de negocios, etc. para paliar os efectos do COVID-19.

O fin do estado de alarma supón o regreso á nova normalidade da que algúns veciños e veciñas parece que non son coñecedores (uso de máscaras, distancias físicas, evitar



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 30

aglomeracións,...), o que provoca as queixas do resto da veciñanza que si as coñecen e cumpren. Estes comportamentos poden poñer en perigo ao resto dos veciños e veciñas e a volta a atrás despois do esforzo levado a cabo por todos.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde a que:

Se incremente a vixilancia por parte da Policía Local para apercibir ás persoas que non cumpren as normas establecidas para a nova normalidade, e que para o caso de reiterar os feitos se proceda a sancionar aos infractores.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta ben esta petición, dará traslado dela á policía local. Hai unha coordinación continua entre policía e garda civil, especialmente de cara aos servizos nocturnos. O pasado venres a policía local entregou documentación nos locais e terrazas recordándolles as normativas vixentes unha vez que se levantou o estado de alarma, normas de ocupación, de hixiene e limpeza e horarios de peche da actividade. Insistirán neste sentido por que é bo para a veciñanza.

Intervén o Sr. Ribadas Gómez, en representación do grupo político UxO, que formula os rogos seguintes:

- Veciños e veciñas de diferentes parroquias do Concello puxéronse en contacto con esta formación política para denunciar as deficiencias que presentan os colectores de lixo instalados en varios puntos das parroquias, como se pode ver nas fotografías que se axuntan (tapas rotas, colectores de lixo sen tapas, fendeduras polas que saen vertidos, ...etc.).

Como puidemos ver estes días nas redes sociais pediuse civismo e responsabilidade ós veciños e veciñas á hora de depositar o lixo nos lugares adecuados, solicitude compartida tamén por esta formación política, pero tamén cremos que, dende o Concello, se debe garantir e velar por unha recollida eficaz do lixo e que os colectores se encontren en boas condicións.

Solicitamos ó señor Alcalde:

Que se realice unha revisión dos colectores do lixo de todo o Concello e que se proceda a substitución de aqueles que non presenten un bo estado para a súa utilización.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que os contedores do lixo que nos entregan cada ano os deste ano virán nos próximos meses, a finais do verán, farase un seguimento. Vanse cambiando a medida que van aparecendo deficiencias. Algúns pódense reciclar e cambiar so a tapa. Moitas veces rompen por todo o que se lles bota dentro, encontramos contedores cheos de escombros. Estarán pendentes.

- O río Mercurín, ao paso polo Concello, en concreto na ponte do Recreo e na zona do lavadoiro, presenta un estado descoidado, con bastante maleza no seu leito, como se pode ver nas fotografías que se axuntan.

Solicitamos ó señor Alcalde:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 31

Que se realicen as tarefas de limpeza oportunas no leito do río

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que coñecen o caso, é o brezo propio do cauce en non é tan fácil de limpar. Esa zona está acoutada e hai que sacar a autorización correspondente de Augas de Galicia, no la están concedendo cada dous tres anos, non se pode limpar de maneira continuada ou cando nos queiramos. Non hai problema en pedir unha nova autorización para os tramos que nos marque o vixilante que son os que acondicionarán.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- As augas procedentes do antigo lavadoiro que existía na parcela de Parada que ven de ser acondicionada a carón da Igrexa, son conducidas pola cuneta dunha pista próxima, pero no momento no que non atopa saída, corre ao longo dunha pista de concentración parcelaria, ocasionando o seu constante deterioro.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se resolva o citado problema

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o problema está na eliminación da cuneta como consecuencia do laboreo da finca. A cuneta tería que estar aí e non entrar á finca por onde lle dea a gana ao titular. Tomarán medidas para a reposición da cuneta e que a auga poida continuar no sentido descendente da pendente do camiño. Corrixir esta situación e que non se deteriore máis a pista.

- A parcela baleira lindante polo sur coa antiga escola de Parada presenta un deficiente estado de conservación.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda a instar a súa roza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que así se fará.

- Estanse a acometer as obras de pavimentación da pista da Pedreira. Os planos da concentración parcelaria da zona desvelan a existencia dunha pista pública que enlaza coa estrada obxecto da actuación.

Para acadar un traballo completo e ben executado, é preciso acometer o enlace destas dúas pistas dispoñendo as tubaxes precisas para garantir o paso da auga pola cuneta.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se resolva o enlace das dúas pistas públicas dispoñendo as canalizacións precisas e pavimentando o encontro



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 32

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto está xa visto e previsto polo concelleiro delegado de obras que coñece xa a situación .

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén o Sr. Ribadas Gómez, en representación do grupo político UxO, que formula as preguntas as seguintes:

- A piscina municipal descuberta de Ordes acaba de abrir fai escasos días. ¿Contratouse máis persoal, con respecto a anos anteriores, para garantir que se cumpran as normas e as medidas hixiénicas de prevención e protección necesarias para combater posibles contaxios de Covid-19 dentro da instalación?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que da lectura ao informe realizado no día de hoxe polo técnico de deportes: “Para a apertura da piscina municipal “O Muiño”, realizada o sábado 20 de xuño, asemade de contar con 7 socorristas, dos cales 3 están durante cada quenda de apertura da instalación, tal e como marca a normativa da Consellería de Sanidade, Decreto 119/2019, de 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia, cóntase con: 1 monitora de natación para impartir os cursos de natación que se ofrecen durante os meses de xullo e agosto. Tamén fará labores de apoio ao control de accesos á instalación. 4 traballadoras (incluída a traballadora do punto anterior) no control de accesos da instalación, estando sempre 1 en cada quenda de traballo na zona de acceso para o control de aforo e de medidas de hixiene e desinfección por parte dos usuarios para entrar na instalación. 2 limpadoras que realizan limpeza e desinfección tres veces ao día durante dúas horas en cada quenda, contando con persoal de apoio da empresa Xalo Obras e Servizos, S.L. nos momentos de desfrute de vacacións do persoal anterior. 2 traballadores para o mantemento da instalación e desinfección e limpeza dos vasos de nado, realizándose os traballos antes da apertura e despois do peche. Todas as labores relacionadas co Covid-19, así como as demais medidas hixiénico- sanitarias, lévanse a cabo segundo o exposto na normativa seguinte: Decreto 119/2019, de 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia. Real Decreto 742/2013, de 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas. Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O número total de traballadores da instalación este ano é de 15, sendo 7 máis que o ano anterior”.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas as seguintes:

- Con respecto á parcela baleira lindante polo sur coa antiga escola de Parada (ver fotografía que se achega). ¿Trátase dunha propiedade do concello de Ordes?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non. É do Fondo de Terras, pertence ao propietario 100il de concentración parcelaria de Parada, esta suxeita a recurso dealzada polo titular das





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

**FOLLA Nº 33**

bases definitivas do acordo de concentración parcelaria. Finca 770 do acordo provisional DOG 06/08/2015, Orde 20/07/2015. Pendente de firmeza, a toma de posesión foi o 20/07/2016. A Xunta Local de Zona pediu esa parcela nesa ubicación para a futura ampliación do local social. A día de hoxe aínda non pertence ao concello.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás **vinte** horas e **cincuenta e sete** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE-PRESIDENTE**

**O SECRETARIO**